



(CIF: G70278403) é unha asociación privada con personalidade e capacidade de obrar, sen ánimo de lucro e de interese social, creada ao abeiro da lei orgánica 1/2002 do 22/03/2002, e polas demais lexislacións existentes en materia de Asociacións . www.sollesfaltafalar.org
info@sollesfaltafalar.org

Proposta de iniciativa parlamentaria

Certificado de “Bo cidadán Canino”

Presentación

Presentámomos como un grupo de persoas que teñen *“cans de familia”* e que os poñen ao dispor de todos, un traballo colaborativo en equipo movido polo liderado distribuído e a participación social... Traballamos para que a sociedade e as distintas administracións normalicen a convivencia con cans na nosa sociedade polos beneficios que supón para ela mesma... *porque outro modelo de convivencia é posible...*

O *Club de Cans de Familia Só lles falta falar* constitúese en 2008 desde distintas fronteiras do asociacionismo e activismo cultural de Santiago de Compostela. É promovido polos departamentos de Educación e de Xuventude do Concello de Santiago de Compostela, co asesoramento do Centro de Conduta Animal e a coordinación do grupo de psicólogos da Asociación Down Compostela. Na actualidade está integrado por case 300 membros, persoas que conviven con cans, que teñen como principal inquietude elevar no posible e gozar da calidade de vida propia e das súas mascotas. Realízase un programa de actividades (algunhas estables, outras de carácter máis puntual) cuxo obxectivo é o de **promover a educación e socialización óptima dos cans de familia e facer a súa integración completa, aceptada e sen fisuras, nos espazos públicos**. Un completo programa inspirado nos exitosos plans caninos de inserción *Good Neighbours* ou *Disco Verde* cunha consolidada tradición en Europa e Norteamérica.



(CIF: G70278403) é unha asociación privada con personalidade e capacidade de obrar, sen ánimo de lucro e de interese social, creada ao abeiro da lei orgánica 1/2002 do 22/03/2002, e polas demais lexislacións existentes en materia de Asociacións . www.sollesfaltafalar.org
info@sollesfaltafalar.org

Todas as intervencións que realiza o club están supervisadas por especialistas en conduta animal que se ocupan tamén da selección, adestramento e educación dos cans que participan nas intervencións e dos psicólogos propios do Club. Hai que sinalar que aínda que actualmente en

España non existe lexislación respecto diso, estes cans teñen a formación suficiente para pasar as probas de aptitude como animais de terapia que se realizan en diferentes países europeos e en Estados Unidos, onde a terapia asistida con animais está plenamente desenvolvida.

Motivación

Dentro dos obxectivos do Club está o valor educativo ao respecto dos cans e a concienciación cidadá ao respecto da súa tenza responsable. Poñemos como exemplo cans categorizados coma pertencentes a razas potencialmente perigosas nas mans axeitadas dun propietario responsable acuden a tarefas dos profesionais do Club en cualidade de soporte terapéutico, facendo un traballo responsable, supervisado e avaliado, e cando saen pola porta están obrigados a levar bozal e outras medidas de restricción que non fan outra cousa que influir negativamente sobre do seu carácter e conduta. Non ten moito sentido, porque confunde a parte (o individuo) co todo (a raza).

É probado que as medidas educativas e preventivas son máis eficaces que as normativas restrictivas e coercitivas, tamén no referido aos cans de familia como é o caso, cans de familia postos ao servizo de todos.



(CIF: G70278403) é unha asociación privada con personalidade e capacidade de obrar, sen ánimo de lucro e de interese social, creada ao abeiro da lei orgánica 1/2002 do 22/03/2002, e polas demais lexislacións existentes en materia de Asociacións . www.sollesfaltafalar.org
info@sollesfaltafalar.org

Por un lado a educación, a socialización e a capacidade de convivencia en boa veciñanza parécenos un avance que afecta aos cans e aos seus propietarios; por outra banda a lexislación axudará e ensinará a todos a formar parte de modelos de convivencia sostibles hoxe.

Certificación de “bo veciño”

A nosa proposta baséase na realidade de moitos países do noso entorno nos que está normalizado na vida cotiá a posibilidade de levar os cans de familia a calqueira espazo público. Somos conscientes de que non tódolos cans poden acceder a esta situación, pero queremos propoñer esta posibilidade de amosar que algúns desexamos facelo e podemos facelo coa axuda da administración pública.

A normativa actual non deixa ningunha marxe, xa que tódolos cans han ir sempre presos e non poden acceder a edificios e transporte públicos. A norma xeral é que todos somos culpables. A nosa pretensión e poder amosar que algúns somos inocentes. Evidentemente é totalmetne voluntario invertir o tempo propio na educacións dos nosos cans para pasar ese tipo de probas e acceder con liberdade a cantos espazos sexa posible.

Enquisas dos últimos anos feitas a persoas que participan en aulas de educación canina ao respecto de poder instaurar este sistema. A resposta sempre é cen por cen positiva. Isto quere dicir que todas estas persoas están dispostas a educar ben a un can e tamén a usar esta posibilidade de obter unha “certificación de bo veciño”. Todo elo repercute positivamente na tenza responsable e constitúe un incentivo para que os coidados, a sanidade e a educación se vexan recompensados de forma práctica e cotiá. Pero a realidade, a día de hoxe é outra; os que



(CIF: G70278403) é unha asociación privada con personalidade e capacidade de obrar, sen ánimo de lucro e de interese social, creada ao abeiro da lei orgánica 1/2002 do 22/03/2002, e polas demais lexislacións existentes en materia de Asociacións . www.sollesfaltafalar.org
info@sollesfaltafalar.org

pasamos por este proceso, temos as mesmas restricións que ten un can sen sanear, vacinar ou con conductas agresivas. Parécenos un sin sentido absurdo que os mesmos cans que pasan horas de soporte terapéutico nunha gardería, xeriátrico ou colexio/instituto, teñan que ir pola rúa coa presión de levar un bozal que só da unha imaxe externa negativa e tamén actúa negativamente sobre o comportamento dos propios cans.

Un indicador do elevado nivel social no mundo occidental é o número de cans de familia e o grao de coidados que se lles proporcionan, posto que non falamos só e directamente dos dereitos dos animais, senón tamén do dereito das persoas a disfrutar da súa compañía e dos beneficios que probadamente aportan.

Poñer en marcha este sistema é sinxelo e non implica costes engadidos para a administración, senón ingresos. O único necesario é permitir en calquera parque público un horario para a realización das probas no entorno urbano. Sempre nos pareceu axeitado poder demostrar o que estamos dicindo, primeiro cos nosos propios cans facendo un programa piloto, porque entendemos que esta proposta é novedosa e seguramente se entende mellor podendo velo en directo.

Os cans sociables e ben educados non nacen, fanse. O obxectivo deste tipo de actuacións é identificar e premiar ás persoas que amosan responsabilidade cara á comunidade nun trato cara os seus cans, asegurando así que o can é aceptado coma un membro valioso no noso entorno. Cando se superan as probas garántese que un can se vai comportar correctamente en calquera lugar público e ante calquera estímulo.



(CIF: G70278403) é unha asociación privada con personalidade e capacidade de obrar, sen ánimo de lucro e de interese social, creada ao abeiro da lei orgánica 1/2002 do 22/03/2002, e polas demais lexislacións existentes en materia de Asociacións . www.sollesfaltafalar.org
info@sollesfaltafalar.org

Non se trata de probas competitivas e permitan ao can e ao guía amosar comportamentos axeitados e control. Evalúa o control do guía sobre o can e a relación de benestar e confianza entre eles a través de exercicios básicos insertos na vida cotiá tales coma camiñar correctamente, obedecer, cruzarse con outros cans con respecto, saber agardar...

Tamén nos parece importante salientar que tódolos cans son aptos para poderen ser avaliados, dente o primeiro test que pode determinar posibles patoloxías conductuais e que, unha vez descartadas, poden iniciar un programa de educación dirixido a superar as probas de aptitude e amosar as ventaxas que ten unha boa educación.

A forma máis asequible de facer posible a participación é organizar a través dos concellos un calendario regular de probas de evolución e organizar aulas de educación de forma continuadas dende o propio Concello e as asociacións de veciños. A proximidade, a inmediatez do acceso ás aulas de educación axuda a unha maior participación cidadá, xa que os contidos dos programas desenvolvidos nas aulas de educación teñen en conta o fomento da adopción, a esterilización, hixiene, coidados, saúde, aprendizaxe, obediencia, comportamento e todo o que rodea as cuestións relacionadas co abandono.

Para que un can sexa sociable é necesario poder desenvolver esa capacidade o que implica poder acceder a calqueira espazo co can que está aprendendo. É incompatible o comportamento correcto e ben socializado co aillamento. Sería necesario un distintivo para a fase de aprendizaxe, p.e., que o can leve un distintivo amarelo para distinguilo de outros cans que superaron as probas e levan un verde.



(CIF: G70278403) é unha asociación privada con personalidade e capacidade de obrar, sen ánimo de lucro e de interese social, creada ao abeiro da lei orgánica 1/2002 do 22/03/2002, e polas demais lexislacións existentes en materia de Asociacións . www.sollesfaltafalar.org
info@sollesfaltafalar.org

A administración pública só tería que dar a coñecer o inicio do programa, datas, lugares e contidos e, por suposto unha lexislación que non impida o acceso dos cans aos espazos públicos. A actual normativa autonómica sobre a tenza son restrictivas e punitas, sobre todo porque afecta ás persoas con responsabilidade cara aos seus cans, xa que educar e socializar implica levar o can ao entorno urbano onde hai persoas, vehículos, nenos, outros cans, deportistas... todo elo restrinxido se non se pode soltar da correa en ningún momento, se non se pode entrar e ningún establecemento, edificio ou transporte público. A certificación de “Bo veciño” sería unha excelente e motivadora recompensa para o que traballa co seu can para una convivencia axeitada.

Proposta

- Establecer as probas adecuadas e voluntarias para que os propietarios que o desexen poidan ter o/os seu/s can/s con *Distintivo Verde (Bo Ciudadán Canino)*.

A avaliación consistiría en 12 probas:

- 1 Recibir ben a un descoñecido amistoso. Neste test o noso can ten que demostrar que pode estar en calma mentres que un descoñecido se nos achega, danos un apertón de mans e fala un anaco con nós.
- 2 Aceptar “cariños” educadamente. Aquí o can ten que ser capaz de sentirse en calma e sen medo cando un descoñecido o aloumiña na cabeza e no lombo.
- 3 Coidados e cepillado. Este test consiste en que un descoñecido cepilla un pouco ó noso can e examina un pouco as patas dianteiras e as orellas, logo dálle unha volta ó redor para votar unha ollada xeral do can. Mentres a nosa mascota ten que estar quieta e tranquila.



(CIF: G70278403) é unha asociación privada con personalidade e capacidade de obrar, sen ánimo de lucro e de interese social, creada ao abeiro da lei orgánica 1/2002 do 22/03/2002, e polas demais lexislacións existentes en materia de Asociacións . www.sollesfaltafalar.org
info@sollesfaltafalar.org

- 4 O paseo. Como o nome indica o noso can ten que ser capaz de pasear educadamente, todos sabemos que isto é un traballo de dous :-D, ademais o can tamén ten que comportarse ó ser paseado por un descoñecido.
- 5 Camiñar entre a xente. Pois iso, paseando entre peóns educadamente.
- 6 O can ten que atender ás ordes de sentado/deitado e saber quedarse quieto a certa distancia do dono.
- 7 Atender á chamada. O noso can ten que vir cando o chamemos dende unha distancia de polo menos 3 metros.
- 8 Logo de estar xogando co noso can temos que ser capaces, nós e can, de calmarnos e voltar a un estado de calma.
- 9 A reacción ante outros cans que estean paseando. Nada de votar a correr arrastrando ó dono para ir dicir ola a outros cans que están paseando educadamente.
- 10 Cando o noso can se enfrenta a estímulos coma persoas en cadeira de rodas, unha bici, etc... ten que reaccionar de forma que aínda que lle chamen a atención non lle provoquen unha reacción temperamental.
- 11 O canciño ten que ser capaz de aceptar tranquilamente que queda ó coidado doutra persoa cando por exemplo o dono entra en algún sito e deixa ó can o coidado de alguén.
- 12 Esperando na porta, o noso can ten que saber esperar nunha porta como por exemplo cando entramos a polo pan.



(CIF: G70278403) é unha asociación privada con personalidade e capacidade de obrar, sen ánimo de lucro e de interese social, creada ao abeiro da lei orgánica 1/2002 do 22/03/2002, e polas demais lexislacións existentes en materia de Asociacións . www.sollesfaltafalar.org
info@sollesfaltafalar.org

Qué dereitos Terán os Cans con *Distintivo Verde* ?

- Poderán acceder ó transporte público urbano
- Poderán acceder aos edificios públicos.
- Poderán facer uso dos parques e vías sen circulación de vehículos a motor (vías peonís) sen necesidade de estar atados en todo momento.

Xunto co 'Bo Cidadán Canino' propomos os seguintes puntos relacionados cos cans de familia.

- Establecer un programa de traballos de terapia para colectivos con necesidades específicas.
- Campaña por parte do Concello para :
 - Permitir a entrada dos cans nos medios de transporte como p.e. RENFE, para os propietarios que acrediten o distintivo poidan viaxar cos cans coas diferentes liñas de tren e tranvía.
 - Promover o acceso dos cans nos locais comerciais do Concello.
- Xornadas abertas en distintos parques da cidade para difundir a importancia da educación dos cans, fomentando o concepto de 'Bo Cidadán Canino'.